

**I. DISPOSICIÓNS XERAIS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*DECRETO 41/2023, do 20 de abril, polo que se modifica o Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O Decreto 172/2015, do 29 de outubro (DOG do 23 de novembro), estableceu o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia nas especialidades de Gráfico, Interiores, Moda e Produto. Estudos que, ao abeiro da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, (BOE do 30 de decembro), conducen ao título de grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño na especialidade que corresponda.

A Orde do 21 de novembro de 2016 (DOG do 1 de decembro) regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

A experiencia acumulada ao longo destes anos amosa a necesidade de atender á formación do alumnado da especialidade de Produto de xeito máis especializado, introducindo no seu plan de estudos a formación nas novas tecnoloxías inherentes ao proceso proxectual e produtivo, atendendo a máis dun eido da produción industrial de obxectos e mellorando, ao mesmo tempo, a súa especialización e as súas posibilidades de inserción no ámbito produtivo.

En consecuencia, ao abeiro do disposto no artigo 7.3 do Real decreto 633/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, vista a proposta achegada pola Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela, único centro que imparte a especialidade de Produto das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre modificar o Decreto 172/2015, do 29 de outubro, para establecer no plan de estudos correspondente á especialidade de Produto dous itinerarios académicos diferenciados, aínda que conducen ao único título de grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño, especialidade Produto.



Os citados itinerarios para a titulación de grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño, especialidade de Produto, son:

- Xeral (Xe.).
- Xoiaría e complementos (XC).

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, das normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, logo dos ditames do Consello Escolar de Galicia e do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores, de acordo co Consello Consultivo, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte de abril dous mil vinte e tres,

**DISPOÑO:**

**Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación***

1. Este decreto ten por obxecto:

a) Modificar o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño, unicamente na especialidade de Produto, ao abeiro do disposto no Real decreto 633/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Deseño establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b) Adecuar a denominación do título a que conducen os estudos superiores de Deseño, en calquera das súas especialidades, cuxo plan de estudos foi establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro (DOG do 23 de novembro), ao establecido no artigo 57.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. Este decreto será de aplicación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Artigo 2. *Natureza e alcance da modificación***

1. Modifícanse as denominacións dos títulos a que conducen os estudos superiores de Deseño, cuxo plan de estudos foi establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro (DOG do 23 de novembro), polas seguintes:



– Estudos superiores de Deseño na especialidade de Gráfico: conducen ao título de grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño na especialidade de Gráfico.

– Estudos superiores de Deseño na especialidade de Interiores: conducen ao título de grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño na especialidade de Interiores.

– Estudos superiores de Deseño na especialidade de Moda: conducen ao título de grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño na especialidade de Moda.

– Estudos superiores de Deseño na especialidade de Produto: conducen ao título de grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño na especialidade de Produto.

2. Establécense no plan de estudos dos estudos superiores de Deseño, na especialidade de Produto, os itinerarios académicos denominados:

– Xeral (Xe.).

– Xoiaría e complementos (XC).

3. Modifícase a totalidade do anexo V ao Decreto 172/2015, do 29 de outubro, que será substituído polo anexo a este decreto.

4. A consellería competente en materia de educación determinará as disciplinas de tipo práctico (P.) ou teórico-práctico (T.P.) das que integran os dous itinerarios académicos do plan de estudos establecido neste decreto que, en razón dos seus contidos e desenvolvemento, poderán ser impartidos entre a Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela e as empresas, estudos ou obradoiros do sector do deseño, a xoiaría e os complementos, que reúnan as condicións que se establezan para o efecto.

Disposición adicional única. *Incorporación do alumnado procedente de plans de estudos anteriores*

A consellería competente en materia de educación, a través do órgano superior ou directivo que corresponda, establecerá:

– O sistema de recoñecemento de créditos ECTS ao alumnado procedente de plans de estudos anteriores da mesma especialidade de Produto.

– O sistema de recoñecemento de créditos ECTS ao alumnado procedente doutras especialidades das ensinanzas superiores de Deseño.



– O sistema de recoñecemento de créditos ECTS ao alumnado que teña parcial ou totalmente superado un ciclo formativo de grao superior de Artes Plásticas e Deseño.

– O calendario de implantación do plan de estudos establecido neste decreto e a incorporación do alumnado a el.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación*

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de educación para ditar cantas normas sexan precisas para o desenvolvemento do establecido neste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte de abril de dous mil vinte e tres

Alfonso Rueda Valenzuela  
Presidente

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

#### ANEXO

### **Competencias específicas, perfil profesional, cadro lectivo, descritores/contidos e competencias das disciplinas do título de grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño, especialidade Produto**

#### **Competencias específicas do título de grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño, especialidade Produto**

Ao remataren os seus estudos, as persoas co título de grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño na especialidade de Produto deben posuír as seguintes competencias específicas:

EP1. Determinar as características finais dos produtos, servizos e sistemas coherentes cos requisitos e coas relacións estruturais, organizativas, funcionais, expresivas e económicas definidas no proxecto.



EP2. Resolver problemas proxectuais mediante a metodoloxía, destrezas e procedementos adecuados.

EP3. Propoñer, avaliar e determinar solucións alternativas a problemas complexos de deseño de produtos e sistemas.

EP4. Valorar e integrar a dimensión estética en relación co uso e coa funcionalidade do produto.

EP5. Analizar modelos e sistemas naturais e as súas aplicacións no deseño de produtos e sistemas.

EP6. Determinar as solucións construtivas, os materiais e os principios de produción adecuados en cada caso.

EP7. Coñecer as características, propiedades físicas e químicas e comportamento dos materiais utilizados no deseño de produtos, servizos e sistemas.

EP8. Coñecer os procesos para a produción e o desenvolvemento de produtos, servizos e sistemas.

EP9. Dominar os recursos gráfico-plásticos da representación bidimensional e tridimensional.

EP10. Producir e comunicar a información adecuada relativa á produción.

EP11. Coñecer os recursos tecnolóxicos da comunicación e as súas aplicacións ao deseño de produto.

EP12. Dominar a tecnoloxía dixital específica vinculada ao desenvolvemento e á execución de proxectos de deseño de produto.

EP13. Coñecer o contexto económico, social, cultural e histórico en que se desenvolve o deseño de produto.

EP14. Comprender o marco legal e regulamentario que regula a actividade profesional, a seguridade e saúde laboral e a propiedade intelectual e industrial.

EP15. Reflexionar sobre a influencia social positiva do deseño, a súa incidencia na mellora da calidade de vida e do ambiente e a súa capacidade para xerar identidade, innovación e calidade na produción.



**Perfil profesional do título de grao en Ensinanzas Artísticas  
Superiores de Deseño, especialidade Produto**

O/a deseñador/a de produto é un/unha profesional capaz de proxectar, analizar, investigar e determinar as propiedades e calidades físicas, así como os valores simbólicos e comunicativos que caracterizarán as súas producións, definindo a forma, a configuración, a calidade, o funcionamento, o valor e a significación estética, social e ambiental destas. Os ámbitos principais onde desenvolve a súa actividade profesional son:

- Deseño de envases e embalaxes.
- Deseño de calzado.
- Deseño de xoguetes.
- Deseño de electrodomésticos.
- Deseño de mobiliario para o hábitat.
- Deseño de mobiliario de oficina.
- Deseño de elementos urbanos.
- Deseño de iluminación e luminarias.
- Deseño no ámbito da automoción.
- Deseño de ferramentas e accesorios.
- Deseño de produto cerámico.
- Deseño de sanitarios e billas.
- Deseño para a artesanía.
- Deseño de xoias e bixutería.
- Deseño de complementos da indumentaria.
- Colaboración no deseño de obxectos ortopédicos.



Deseño para condicións especiais.

Deseño téxtil e enxoval.

Deseño de sistemas.

Xestión do deseño.

Desenvolvemento de produto.

Deseño, investigación e desenvolvemento de novos conceptos, materiais, aplicacións e produtos.

Ecodeseño.

Deseño sustentable.

Investigación e docencia.

### **Cadro lectivo do título de grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño, especialidade Produto**

Para os efectos deste decreto, as abreviaturas que figuran nos cadros lectivos do título de grao en Deseño na especialidade de Produto teñen o seguinte significado:

Itin.: itinerario académico dentro da especialidade de Produto: (Xe.: xeral, XC: xoiaría e complementos).

Carácter: carácter da disciplina (F.B.: formación básica, O.E.: obrigatoria na especialidade, Op.: disciplina optativa).

Tipo: T.: teórica, T.P.: teórico-práctica, P.: práctica.

Horas clase/semana: horas de clase programadas semanalmente coa presenza do/da profesor/a.

Horas clase/curso: horas totais de clase coa presenza do/da profesor/a, que unha disciplina debe ter ao longo do ano académico.

Créditos ECTS: créditos ECTS asociados a unha disciplina e que se lle recoñecerán ao alumnado logo de superala.



O plan de estudos conducente ao título de grao en Deseño na especialidade de Produto esténdese ao longo de 38 semanas lectivas completas para cada un dos cursos académicos en que se desenvolve.

**Cadro lectivo: 1º curso de Produto  
Itin.: común (Xe./XC)**

Materia	Disciplina	Carácter	Tipo	Horas clase/semana	Horas clase/curso	Créditos ECTS
Linguaxes e Técnicas de Representación e Comunicación	Debuxo Artístico	F.B.	T.P.	5	180	10
	Volume	F.B.	T.P.	4	144	8
	Sistemas de Representación	F.B.	T.P.	2	72	6
	Tecnoloxía Dixital	F.B.	T.P.	3	108	6
Fundamentos do Deseño	Fundamentos do Deseño	F.B.	T.P.	2	72	4
	Deseño Básico	F.B.	T.P.	3	108	8
Historia das Artes e do Deseño	Historia das Artes e do Deseño	F.B.	T.	3	108	6
Ciencia Aplicada ao Deseño	Ciencia Aplicada ao Deseño	F.B.	T.	2	72	6
Proxectos de Produtos e de Sistemas	Debuxo Técnico Aplicado ao Deseño de Produtos	O.E.	T.P.	3	108	6
Totais				27	972	60

**Descritores/contidos e competencias das disciplinas do 1º curso do plan de estudos conducente ao título de grao en Deseño na especialidade de Produto**

Disciplina	Curso	Especialidade/Itin.:
Debuxo Artístico	1º	Produto/Común (Xe./XC)
Descritores/contidos: – Debuxo de observación, expresión e representación. – Técnicas instrumentais da estrutura, a expresión e a representación bidimensional e tridimensional. – Coñecemento e análise das distintas técnicas de representación. – Métodos de investigación e experimentación propios da materia. – A cor.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
	T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.
	T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
Xerais	X2	Dominar as linguaxes e os recursos expresivos da representación e da comunicación.
	X3	Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.
	X4	Ter unha visión científica sobre a percepción e o comportamento da forma, da materia, do espazo, do movemento e da cor.
	X5	Actuar como mediadores/as entre a tecnoloxía e a arte, as ideas e os fins, a cultura e o comercio.
	X18	Optimizar a utilización dos recursos necesarios para acadar os obxectivos previstos.





Específicas	EP2	Resolver problemas proxectuais mediante a metodoloxía, destrezas e procedementos adecuados.
	EP4	Valorar e integrar a dimensión estética en relación co uso e coa funcionalidade do produto.
	EP5	Analizar modelos e sistemas naturais e as súas aplicacións no deseño de produtos e sistemas.
	EP9	Dominar os recursos gráfico-plásticos da representación bidimensional e tridimensional.

Disciplina	Curso	Especialidade/Itin.:
Volume	1º	Produto/Común: (Xe./XC)
Descritores/contidos: – Investigación do volume e da concepción espacial. – Técnicas instrumentais da estrutura, a expresión e a representación bidimensional e tridimensional. – Relación recíproca entre a técnica e a materia. – Métodos de investigación e experimentación propios da materia.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
	T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
	T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
Xerais	X2	Dominar as linguaxes e os recursos expresivos da representación e da comunicación.
	X4	Ter unha visión científica sobre a percepción e o comportamento da forma, da materia, do espazo, do movemento e da cor.
	X8	Propoñer estratexias de investigación e innovación para resolver expectativas centradas en funcións, necesidades e materiais.
	X18	Optimizar a utilización dos recursos necesarios para acadar os obxectivos previstos.
	X19	Demostrar capacidade crítica e saber formular estratexias de investigación.
	X21	Dominar a metodoloxía de investigación.
Específicas	EP2	Resolver problemas proxectuais mediante a metodoloxía, destrezas e procedementos adecuados.
	EP5	Analizar modelos e sistemas naturais e as súas aplicacións no deseño de produtos e sistemas.
	EP6	Determinar as solucións construtivas, os materiais e os principios de produción adecuados en cada caso.
	EP9	Dominar os recursos gráfico-plásticos da representación bidimensional e tridimensional.

Disciplina	Curso	Especialidade/Itin.:
Sistemas de Representación	1º	Produto/Común: (Xe./XC)
Descritores/contidos: – Xeometría plana e descritiva. – Coñecemento e análise dos distintos sistemas de representación. – Métodos de investigación e experimentación propios da materia.		



Competencias que se adquiren		
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
	T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
	T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
Xerais	X1	Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.
	X2	Dominar as linguaxes e os recursos expresivos da representación e da comunicación.
	X3	Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.
	X18	Optimizar a utilización dos recursos necesarios para acadar os obxectivos previstos.
	X21	Dominar a metodoloxía de investigación.
Específicas	EP2	Resolver problemas proxectuais mediante a metodoloxía, destrezas e procedementos adecuados.
	EP9	Dominar os recursos gráfico-plásticos da representación bidimensional e tridimensional.
	EP10	Producir e comunicar a información adecuada relativa á produción.
	EP11	Cofecer os recursos tecnolóxicos da comunicación e as súas aplicacións ao deseño de produto.

Disciplina	Curso	Especialidade/Itin.:
Tecnoloxía Dixital	1º	Produto/Común: (Xe./XC)
<p>Descritor/contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Fotografía e medios audiovisuais.</li> <li>– Representación gráfica mediante a tecnoloxía dixital.</li> <li>– Coñecemento de software aplicable ás dúas dimensións, aplicación na elaboración de proxectos.</li> <li>– Coñecemento e análise das distintas técnicas de presentación dixital: maquetación.</li> <li>– Métodos de investigación e experimentación propios da materia.</li> </ul>		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
	T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
	T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional, e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
	T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
Xerais	X2	Dominar as linguaxes e os recursos expresivos da representación e da comunicación.
	X3	Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.
	X10	Ser capaces de adaptarse aos cambios e á evolución tecnolóxica industrial.
	X18	Optimizar a utilización dos recursos necesarios para acadar os obxectivos previstos.
	X20	Comprender o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación e valorar a súa influencia nos procesos e produtos do deseño.



Específicas	EP2	Resolver problemas proxectuais mediante a metodoloxía, destrezas e procedementos adecuados.
	EP8	Cofecer os procesos para a produción e o desenvolvemento de produtos, servizos e sistemas.
	EP9	Dominar os recursos gráfico-plásticos da representación bidimensional e tridimensional.
	EP12	Dominar a tecnoloxía dixital específica vinculada ao desenvolvemento e á execución de proxectos de deseño de produto.

Disciplina	Curso	Especialidade/Itin.:
Fundamentos do Deseño	1º	Produto/Común: (Xe./XC)
Descritor/contidos: – Coñecementos básicos do deseño: estrutura, forma, cor, espazo e volume. – Análise da forma, composición e percepción. – Antropometría, ergonomía e introdución á biónica. – Teoría, metodoloxía, ideación e concepción do proxecto.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala.
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
	T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
	T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.
	T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
	T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
	T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
	T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
Xerais	X1	Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.
	X2	Dominar as linguaxes e os recursos expresivos da representación e da comunicación.
	X3	Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.
	X6	Promover o coñecemento dos aspectos históricos, éticos, sociais e culturais do deseño.
	X20	Comprender o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación e valorar a súa influencia nos procesos e produtos do deseño.
	X21	Dominar a metodoloxía de investigación.
Específicas	EP2	Resolver problemas proxectuais mediante a metodoloxía, destrezas e procedementos adecuados.
	EP4	Valorar e integrar a dimensión estética en relación co uso e coa funcionalidade do produto.
	EP5	Analizar modelos e sistemas naturais e as súas aplicacións no deseño de produtos e sistemas.
	EP6	Determinar as solucións construtivas, os materiais e os principios de produción adecuados en cada caso.
	EP15	Reflexionar sobre a influencia social positiva do deseño, a súa incidencia na mellora da calidade de vida e do ambiente e a súa capacidade para xerar identidade, innovación e calidade na produción.



Disciplina		Curso	Especialidade/Itin.:
Deseño Básico		1º	Produto/Común: (Xe./XC)
Descritor/contidos: – Fundamentos do deseño: técnicas de creatividade. – Metodoloxía do deseño. Fundamentación práctica dos procedementos, técnicas, linguaxes e metodoloxías de realización do proxecto. Ideación e realización. – Aplicación práctica dos criterios de análise, síntese e metodoloxía. Criterios de decisión. – Modelos, maquetas e prototipos. – Resolución de proxectos.			
Competencias que se adquiren			
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.	
	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.	
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.	
	T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.	
	T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.	
	T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.	
	T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.	
Xerais	X1	Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.	
	X2	Dominar as linguaxes e os recursos expresivos da representación e da comunicación.	
	X3	Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.	
	X11	Comunicar ideas e proxectos aos/ás clientes, argumentar razoadamente, saber avaliar as propostas e canalizar o diálogo.	
Específicas	EP1	Determinar as características finais dos produtos, servizos e sistemas coherentes cos requisitos e coas relacións estruturais, organizativas, funcionais, expresivas e económicas definidas no proxecto.	
	EP2	Resolver problemas proxectuais mediante a metodoloxía, destrezas e procedementos adecuados.	
	EP4	Valorar e integrar a dimensión estética en relación co uso e coa funcionalidade do produto.	
	EP6	Determinar as solucións construtivas, os materiais e os principios de produción adecuados en cada caso.	
	EP9	Dominar os recursos gráfico-plásticos da representación bidimensional e tridimensional.	

Disciplina		Curso	Especialidade/Itin.:
Historia das Artes e do Deseño		1º	Produto/Común: (Xe./XC)
Descritor/contidos: – Historia e teoría das artes, a arquitectura e o deseño. – Coñecemento, análise e significado histórico do deseño. – Deseñadores/as e tendencias contemporáneas. – Métodos de investigación e experimentación propios da materia.			
Competencias que se adquiren			
Transversais	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.	
	T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.	
	T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.	
	T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.	
	T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.	



Xerais	X6	Promover o coñecemento dos aspectos históricos, éticos, sociais e culturais do deseño.
	X12	Afondar na historia e na tradición das artes e do deseño.
	X13	Cofeocer o contexto económico, social e cultural en que ten lugar o deseño.
	X14	Valorar a dimensión do deseño como factor de igualdade e de inclusión social e como transmisor de valores culturais.
	X21	Dominar a metodoloxía de investigación.
Específicas	EP4	Valorar e integrar a dimensión estética en relación co uso e coa funcionalidade do produto.
	EP13	Cofeocer o contexto económico, social, cultural e histórico en que se desenvolve o deseño de produto.
	EP15	Reflexionar sobre a influencia social positiva do deseño, a súa incidencia na mellora da calidade de vida e do ambiente e a súa capacidade para xerar identidade, innovación e calidade na produción.

Disciplina		Curso	Especialidade/Itin.:
Ciencia Aplicada ao Deseño		1º	Produto/Común: (Xe./XC)
Descritor/contidos: – Coñecementos de matemáticas, física e química aplicada ao deseño. – O método científico: métodos para a análise e a simulación. – Ecoeficiencia e sustentabilidade. – Métodos de investigación e experimentación propios da materia.			
Competencias que se adquiren			
Transversais	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.	
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.	
	T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.	
	T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.	
Xerais	X4	Ter unha visión científica sobre a percepción e o comportamento da forma, da materia, do espazo, do movemento e da cor.	
	X8	Propoñer estratexias de investigación e innovación para resolver expectativas centradas en funcións, necesidades e materiais.	
	X10	Ser capaces de adaptarse aos cambios e á evolución tecnolóxica industrial.	
	X16	Ser capaces de encontrar solucións ambientalmente sustentables.	
	X21	Dominar a metodoloxía de investigación.	
Específicas	EP6	Determinar as solucións construtivas, os materiais e os principios de produción adecuados en cada caso.	
	EP7	Cofeocer as características, propiedades físicas e químicas e comportamento dos materiais utilizados no deseño de produtos, servizos e sistemas.	
	EP10	Producir e comunicar a información adecuada relativa á produción.	

Disciplina		Curso	Especialidade/Itin.:
Debuxo Técnico Aplicado ao Deseño de Produtos		1º	Produto/Común: (Xe./XC)
Descritor/contidos: – Aplicación das técnicas de representación e presentación para a completa definición e comunicación de produtos ou sistemas. – Métodos de investigación e experimentación propios da materia.			



Competencias que se adquiren		
Transversais	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
	T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
	T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
Xerais	X2	Dominar as linguaxes e os recursos expresivos da representación e da comunicación.
	X3	Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.
Específicas	EP9	Dominar os recursos gráfico-plásticos da representación bidimensional e tridimensional.
	EP10	Producir e comunicar a información adecuada relativa á produción.

### Cadro lectivo: 2º curso de Produto

Materia	Disciplina	Carácter	Tipo	Horas clase/semana	Horas clase/curso	Créditos ECTS
Itinerario común (Xe./XC)						
Proxectos de Produtos e Sistemas	Ergonomía e Antropometría	O.E.	T.	2	72	4
Historia do Deseño de Produto	Historia do Deseño Industrial	O.E.	T.	2	72	4
Materiais e Tecnoloxía Aplicados ao Deseño de Produtos	Deseño Gráfico Aplicado aos Produtos	O.E.	T.P.	3	108	6
	Materiais I	O.E.	T.	2	72	4
	Tecnoloxía Dixital Aplicada	O.E.	T.P.	4	144	8
Xestión do Deseño de Produto	Mercadotecnia	O.E.	T.	2	72	4
Optativas	Optativa	Op.	----	2	72	6
Itinerario: xeral (Xe.)						
Proxectos de Produtos e de Sistemas	Modelos e Prototipos I	O.E.	T.P.	5	180	8
	Proxectos de Deseño de Produto I	O.E.	T.P.	6	216	16
Itinerario: xoiaría e complementos (XC)						
Proxectos de Produtos e de Sistemas	Técnicas de Producción I	O.E.	T.P.	5	180	8
	Procesos de Deseño de Xoiaría e Complementos I	O.E.	T.P.	6	216	16
Totais				28	1.008	60

### Descritores/contidos e competencias das disciplinas do 2º curso do plan de estudos conducente ao título de grao en Deseño na especialidade de Produto

Disciplina	Curso	Especialidade/Itin.:
Ergonomía e Antropometría	2º	Produto/Común: (Xe./XC)
Descritor/contidos: – O ser humano como sistema. Biomecánica. Antropometría física aplicada. Principios de deseño antropométrico. – Ergonomía. Deseño orientado ao ser humano. Metodoloxías e interfaces. – Estudo e análise do comportamento das formas e dos procesos e estruturas naturais e a súa aplicación ao deseño de produtos. – Biónica. Biomimese e biomorfismo. – Sustentabilidade e ecodeseño. – Métodos de investigación e experimentación propios da materia.		



Competencias que se adquiren		
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
	T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.
	T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
	T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.
Xerais	X4	Ter unha visión científica sobre a percepción e o comportamento da forma, da materia, do espazo, do movemento e da cor.
	X16	Ser capaces de encontrar solucións ambientalmente sustentables.
	X18	Optimizar a utilización dos recursos necesarios para acadar os obxectivos previstos.
	X21	Dominar a metodoloxía de investigación.
Específicas	EP1	Determinar as características finais dos produtos, servizos e sistemas coherentes cos requisitos e coas relacións estruturais, organizativas, funcionais, expresivas e económicas definidas no proxecto.
	EP5	Analizar modelos e sistemas naturais e as súas aplicacións no deseño de produtos e sistemas.
	EP7	Cofecer as características, propiedades físicas e químicas e comportamento dos materiais utilizados no deseño de produtos, servizos e sistemas.
	EP15	Reflexionar sobre a influencia social positiva do deseño, a súa incidencia na mellora da calidade de vida e do ambiente e a súa capacidade para xerar identidade, innovación e calidade na produción.

Disciplina	Curso	Especialidade/Itin.:
Historia do Deseño Industrial	2º	Produto/Común: (Xe./XC)
Descritor/contidos: – Coñecemento, análise e significado histórico do deseño de produto. – Deseñadores/as e tendencias contemporáneas. – Análise das últimas tendencias no ámbito do deseño de produto. – Métodos de investigación e experimentación propios da materia.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
	T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
	T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
	T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
	T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.
	T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.
Xerais	X2	Dominar as linguaxes e os recursos expresivos da representación e da comunicación.
	X3	Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.
	X4	Ter unha visión científica sobre a percepción e o comportamento da forma, da materia, do espazo, do movemento e da cor.
	X6	Promover o coñecemento dos aspectos históricos, éticos, sociais e culturais do deseño.
	X12	Afondar na historia e na tradición das artes e do deseño.
	X13	Cofecer o contexto económico, social e cultural en que ten lugar o deseño.
	X19	Demostrar capacidade crítica e saber formular estratexias de investigación.
	X20	Comprender o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación e valorar a súa influencia nos procesos e produtos do deseño.
	X21	Dominar a metodoloxía de investigación.



Especificas	EP4	Valorar e integrar a dimensión estética en relación co uso e coa funcionalidade do produto.
	EP5	Analizar modelos e sistemas naturais e as súas aplicacións no deseño de produtos e sistemas.
	EP13	Coñecer o contexto económico, social, cultural e histórico en que se desenvolve o deseño de produto.

Disciplina		Curso	Especialidade/Itin.:
Deseño Gráfico Aplicado aos Produtos		2º	Produto/Común: (Xe./XC)
Descritor/contidos: – Coñecemento e análise das distintas técnicas de presentación dixital. – Representación gráfica mediante medios dixitais. – Deseño gráfico aplicado a envases e embalaxes. – Tecnoloxía dixital de debuxo vectorial, de tratamento de imaxes e de edición de maquetación. – Concepto de deseño gráfico. Ámbitos de aplicación. Síntese histórica. Estilos e deseñadores/as. – Principios e obxectivos da comunicación. Linguaxe do deseño gráfico. Tipografía. Tratamento da información. – Identidade corporativa, verbal e visual. Formatos regularizados. Sistemas de impresión.			
Competencias que se adquiren			
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.	
	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.	
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.	
	T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.	
	T6	Realizar autocritica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.	
	T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.	
	T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.	
	T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.	
	T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.	
	T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.	
	Xerais	X1	Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.
X2		Dominar as linguaxes e os recursos expresivos da representación e da comunicación.	
X3		Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.	
X4		Ter unha visión científica sobre a percepción e o comportamento da forma, da materia, do espazo, do movemento e da cor.	
X5		Actuar como mediadores/as entre a tecnoloxía e a arte, as ideas e os fins, a cultura e o comercio.	
X6		Promover o coñecemento dos aspectos históricos, éticos, sociais e culturais do deseño.	
X7		Organizar, dirixir e/ou coordinar equipos de traballo e saber adaptarse a equipos multidisciplinares.	
X8		Propoñer estratexias de investigación e innovación para resolver expectativas centradas en funcións, necesidades e materiais.	
X9		Investigar nos aspectos intanxibles e simbólicos que inciden na calidade.	
X10		Ser capaces de adaptarse aos cambios e á evolución tecnolóxica industrial.	
X11		Comunicar ideas e proxectos aos/ás clientes, argumentar razoadamente, saber avaliar as propostas e canalizar o diálogo.	
X13		Coñecer o contexto económico, social e cultural en que ten lugar o deseño.	
X20		Comprender o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación e valorar a súa influencia nos procesos e produtos do deseño.	
X21	Dominar a metodoloxía de investigación.		
X22	Analizar, avaliar e verificar a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas de mercado.		





Específicas	EP1	Determinar as características finais dos produtos, servizos e sistemas coherentes cos requisitos e coas relacións estruturais, organizativas, funcionais, expresivas e económicas definidas no proxecto.
	EP2	Resolver problemas proxectuais mediante a metodoloxía, destrezas e procedementos adecuados.
	EP6	Determinar as solucións construtivas, os materiais e os principios de produción adecuados en cada caso.
	EP7	Cofeicer as características, propiedades físicas e químicas e comportamento dos materiais utilizados no deseño de produtos, servizos e sistemas.
	EP9	Dominar os recursos gráfico-plásticos da representación bidimensional e tridimensional.
	EP10	Producir e comunicar a información adecuada relativa á produción.
	EP11	Cofeicer os recursos tecnolóxicos da comunicación e as súas aplicacións ao deseño de produto.
	EP12	Dominar a tecnoloxía dixital específica vinculada ao desenvolvemento e á execución de proxectos de deseño de produto.
	EP13	Cofeicer o contexto económico, social, cultural e histórico en que se desenvolve o deseño de produto.
	EP15	Reflexionar sobre a influencia social positiva do deseño, a súa incidencia na mellora da calidade de vida e do ambiente e a súa capacidade para xerar identidade, innovación e calidade na produción.

Disciplina	Curso	Especialidade/Itin.:
Materiais I	2º	Produto/Común: (Xe./XC)
Descritor/contidos: – Propiedades físicas, químicas e mecánicas dos materiais. – Balance enerxético e análise do ciclo de vida dos materiais, produtos e procesos. – Estruturas e sistemas. Ferramentas de valoración e proxectación dos aspectos técnicos do deseño de produtos. Desenvolvemento de produtos. – Tecnoloxía dixital aplicada ao deseño de produtos. – Composición, clasificación e propiedades dos materiais naturais: madeira, tecidos e outros materiais. Obtención. Formas comerciais. Madeiras artificiais. – Tipos de polímeros. Características. Aplicacións. Procedementos de conformación. – Composición, clasificación e propiedades dos metais e as súas aliaxes. Relación entre estrutura e propiedades. Obtención. Aplicacións. Procedementos de conformación. Tratamentos e acabados. – Composición, clasificación e propiedades dos materiais cerámicos. Relación entre estrutura e propiedades. Obtención. Aplicacións. Procedementos de conformación. Tratamentos e acabados. – Composición, clasificación e propiedades dos vidros. Relación entre estrutura e propiedades. Obtención. Aplicacións. Procedementos de conformación. Tratamentos e acabados. – A sustentabilidade. Deseño responsable: a pegada de carbono e os materiais. Certificacións internacionais. – Análise dalgúns materiais compostos. Características e aplicación. – Análise do ciclo de vida de produtos fabricados con diferentes materiais. – Métodos de investigación e experimentación para a selección de materiais.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
	T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
	T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
	T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
	T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
	T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional, e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
	T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
	T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e do espírito emprendedor no exercicio profesional.
	T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.



Xerais	X3	Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.
	X4	Ter unha visión científica sobre a percepción e o comportamento da forma, da materia, do espazo, do movemento e da cor.
	X8	Propoñer estratexias de investigación e innovación para resolver expectativas centradas en funcións, necesidades e materiais.
	X9	Investigar nos aspectos intanxibles e simbólicos que inciden na calidade.
	X10	Ser capaces de adaptarse aos cambios e á evolución tecnolóxica industrial.
	X15	Cofeocer procesos e materiais e coordinar a propia intervención con outros/as profesionais, segundo as secuencias e os graos de compatibilidade.
	X16	Ser capaces de encontrar solucións ambientalmente sustentables.
	X18	Optimizar a utilización dos recursos necesarios para acadar os obxectivos previstos.
	X19	Demostrar capacidade crítica e saber formular estratexias de investigación.
	X21	Dominar a metodoloxía de investigación.
Específicas	EP3	Propoñer, avaliar e determinar solucións alternativas a problemas complexos de deseño de produtos e sistemas.
	EP6	Determinar as solucións construtivas, os materiais e os principios de produción adecuados en cada caso.
	EP7	Cofeocer as características, propiedades físicas e químicas e comportamento dos materiais utilizados no deseño de produtos, servizos e sistemas.
	EP8	Cofeocer os procesos para a produción e o desenvolvemento de produtos, servizos e sistemas.
	EP10	Producir e comunicar a información adecuada relativa á produción.

Disciplina	Curso	Especialidade/Itin.:
Tecnoloxía Dixital Aplicada	2º	Produto/Común: (Xe./XC)
Descritor/contidos: – Coñecemento dos procesos e técnicas do modelaxe de sólidos. – Xestión xerárquica do deseño: deseño ascendente e descendente. – Coñecemento dos procesos e técnicas do traballo con superficies. – Aplicación da análise do deseño: a simulación física dos modelos. – Análise de viabilidade e sustentabilidade do produto. – Aplicación das técnicas de representación e presentación para a completa definición e comunicación do produto: debuxo técnico e renderización. – Xestión da información relativa aos deseños.		
Competencias que se adquiren		
Transversais	T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
	T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
	T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
	T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
	T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
Xerais	X1	Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.
	X2	Dominar as linguaxes e os recursos expresivos da representación e da comunicación.
	X5	Actuar como mediadores/as entre a tecnoloxía e a arte, as ideas e os fins, a cultura e o comercio.
	X8	Propoñer estratexias de investigación e innovación para resolver expectativas centradas en funcións, necesidades e materiais.
	X10	Ser capaces de adaptarse aos cambios e á evolución tecnolóxica e industrial.
	X11	Comunicar ideas e proxectos aos/ás clientes, argumentar razoadamente, saber avaliar as propostas e canalizar o diálogo.
	X16	Ser capaces de encontrar solucións ambientalmente sustentables.
X20	Comprender o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación e valorar a súa influencia nos procesos e produtos do deseño.	



Especificas	EP1	Determinar as características finais dos produtos, servizos e sistemas coherentes cos requisitos e coas relacións estruturais, organizativas, funcionais, expresivas e económicas definidas no proxecto.
	EP2	Resolver problemas proxectuais mediante a metodoloxía, destrezas e procedementos adecuados.
	EP3	Propoñer, avaliar e determinar solucións alternativas a problemas complexos de deseño de produtos e sistemas.
	EP4	Valorar e integrar a dimensión estética en relación co uso e coa funcionalidade do produto.
	EP10	Producir e comunicar a información adecuada relativa á produción.
	EP11	Coñecer os recursos tecnolóxicos da comunicación e as súas aplicacións ao deseño de produto.
	EP12	Dominar a tecnoloxía dixital específica vinculada ao desenvolvemento e á execución de proxectos de deseño de produto.

Disciplina		Curso	Especialidade/Itin.:
Mercadotecnia		2º	Produto/Común: (Xe./XC)
